

CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2022

Tempo de verán e xogos

Campamentos de día

É tempo de diversión,
é tempo de conciliar.

**Aberta a preinscrición
do 1 ao 3 de xuño.**

**Máis información en
www.coruna.gal/campamentos2022**



CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2022

INFORMACIÓN CAMPAMENTOS DE DÍA

A Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación, a través do Servizo Municipal de Acción Social, organiza un ano máis os Campamentos de día. Pasaredes o día fora da casa mentres realizades actividades deportivas e culturais que fomenten o coidado e respecto ao medio ambiente así como o bo uso dos espazos urbanos. E en todas as xornadas dedicaredes una sesión a practicar o voso inglés... Esperámosvos un ano máis!

PERSOAS DESTINATARIAS

Para nenos e nenas nados do 1/01/2010 ao 31/12/2018
*Ofértanse prazas para menores con diversidade funcional en grao que que non lles impida participar nas actividades co grupo. Contarán con monitorado de apoio que non realizará tarefas de carácter sanitario.

**Existe reserva de prazas para menores usuarias/os dos programas sociais municipais

CALENDARIO

Preinscrición: 1, 2 e 3 de xuño
Online en www.coruna.gal/campamentos2022

*Un mesmo menor pode solicitar ata tres quendas de campamento de día indicando a orde de preferencia, ata tres quendas de campamento de día.

**No momento no que se formalice a preinscrición, a/o interesada/o recibirá un correo electrónico co resumo da mesma.

***A preinscrición dos/das menores que soliciten praza de diversidade funcional acompañase dunha ficha de coñecemento persoal. Esta ficha permitirá ao monitorado coñecer e planificar os apoios necesarios para unha correcta atención do/da menor.

****Os nenos e nenas que soliciten praza no campamento de diversidade funcional, terán unha numeración e un sorteo propio.

Publicación de listaxes de menores preinscritas/os: 8 de xuño

*As listaxes poderán consultarse nas webs coruna.gal/campamentos2022 e coruna.gal/servizossociais así como no 010 ou nas portas dos centros cívicos municipais

Reclamacións: 9, 10 e 11 de xuño

No teléfono 624688250. En horario de 9:30 a 19:30

Sorteo das prazas: 13 de xuño as 10:00 horas

Publicación de listaxes de admitidas/os: 20 de xuño nas webs coruna.gal/campamentos2022 e coruna.gal/servizossociais, no 010 ou nas portas dos centros cívicos

Inscrición e abono: 21, 22 e 23 de xuño

*Se un/unha menor resulta admitido/a e ten irmáns ou irmás cun número correlativo de preinscrición, ben sexa anterior ou posterior, todas/os obterán praza.

*Unha vez formalizada a inscrición, non se terá dereito á devolución da cota do campamento excepto por causas imputables ao prestador do servizo.

**A inscrición supón a aceptación e o estrito cumprimento do horario do campamento no que se inscribiu. O feito de non cumprilo poderá supoñer a perda da praza.

Para aquelas persoas que non dispoñan de medios informáticos para realizar a preinscrición e inscrición por vía telemática, podrán chamar aos números:

LINEA 1: 624 688 250
LINEA 2: 624 688 243
LINEA 3: 624 688 216

En horario ininterrompido de 8.00 a 20.00h

QUENDAS

1ª Quenda: do 1 ao 15 de xullo 2022

2ª Quenda: do 16 ao 31 de xullo de 2022

3ª Quenda: do 1 ao 15 de agosto de 2022

4ª Quenda: do 16 ao 31 de agosto de 2022

HORARIO

Xeral: de luns a venres de 10:00 a 18:00 h.

*Os días festivos non haberá campamento.

ESPAZO DE REALIZACIÓN

Colexio Calasanz PP Escolapios de A Coruña.

*O espazo de realización poderá variar por motivos de dispoñibilidade. Sempre será unha instalación dentro do termo municipal da Coruña.

Nº PRAZAS

416

COTA DE INSCRICIÓN

85,00 €

*A cota do campamento inclúe o transporte e a comida diaria.

**O número de conta para realizar o pagamento é ES73 2080 0065 3530 4001 2010. Se terá que subir o xustificante do pago á web así como aquela documentación que sexa requirida. As persoas que realicen a inscrición por teléfono terán que achegar o xustificante de pago ao correo: coordinacion@moveservicios.es

INFORMACIÓN RELATIVA Á SITUACIÓN DA COVID-19

En relación á celebración de actividades de lecer educativo xuvenil, o Concello da Coruña asegurará en todo momento as directrices marcadas polo Ministerio de Sanidade e Benestar Social e OUTRAS autoridades competentes en materia sanitaria en función da evolución xeral eterritorial da Covid-19. Para este fin poderá implementar estratexias e protocolos de actuación, así como condicións específicas de participación, nas devanditas actividades de lecer xuvenil. En todo caso, non é obrigatorio o uso de mascarilla, pero si recomendable en interiores.

ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

+ INFORMACIÓN E INSCRICIÓN EN:
CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2022

CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2022


Tempo de verán e compartir

Campamentos urbanos en centros cívicos

É tempo de diversión,
é tempo de conciliar.

**Aberta a preinscrición
do 1 ao 3 de xuño.**

**Máis información en
www.coruna.gal/campamentos2022**



CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2022

INFORMACIÓN CAMPAMENTOS URBANOS NOS CENTROS CÍVICOS

A Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación, a través do Servizo Municipal de Acción Social, organiza un ano máis os Campamentos Urbanos nos Centros Cívicos. Realizaredes actividades lúdicas, xogos cooperativos, producións plásticas, etc...cunha metodoloxía dinámica e participativa. E en todas as xornadas dedicaredes una sesión a practicar o voso inglés... Esperámosvos un ano máis!

PERSOAS DESTINATARIAS

Para nenas e nenos nados do 1/01/2010 ao 31/12/2018.
*Ofértanse prazas para menores con diversidade funcional en grao que non lles impida participar nas actividades co grupo. Contarán con monitorado de apoio que non realizará tarefas de carácter sanitario.
**Existe reserva de prazas para menores usuarias/os dos programas sociais municipais.

CALENDARIO

Preinscrición: 1, 2 e 3 de xuño.
*Un mesmo menor pode solicitar, indicando o orde de preferencia, ata tres quendas de campamento urbano, no mesmo centro cívico ou en centros cívicos diferentes.
**Non se poden solicitar as mesmas quendas en centros cívicos diferentes.
***No caso de detectarse as mesmas peticións para un mesmo menor en varios centros cívicos, anularánselle todas.
****No momento no que se formalice a preinscrición, a/o interesada/o recibirá un correo electrónico co resumo da mesma.
*****A preinscrición dos/das menores que soliciten praza de diversidade funcional acompañarase dunha ficha de coñecemento persoal. Esta ficha permitirá ao monitorado coñecer e planificar os apoios necesarios para unha correcta atención do/da menor.
*****Os nenos e nenas que soliciten praza de diversidade funcional, terán unha numeración e un sorteo propio.

Publicación de listaxes de menores preinscritas/os: 8 de xuño

*As listaxes poderán consultarse nas webs: coruna.gal/campamentos2022 e coruna.gal/servizossociais así como no 010 ou nas portas dos centros cívicos.

Reclamacións: 9, 10 e 11 de xuño.

No teléfono 624688250. En horario de 9:30 a 19:30.

Sorteo das prazas: 13 de xuño as 10:00 horas.

Publicación de listaxes de admitidas/os e inscrición: 20 de xuño nas webs coruna.gal/campamentos2022 e coruna.gal/servizossociais, no 010 ou nas portas dos centros cívicos.

Inscrición e abono: 21, 22 e 23 de xuño.

*Se un/unha menor resulta admitido/a e ten irmáns ou irmás cun número correlativo de preinscrición, ben sexa anterior ou posterior, todas/os obterán praza.

*Requirirase un número mínimo de 9 participantes por grupo para formar o mesmo.

**Unha vez formalizada a inscrición, non se terá dereito á devolución da cota do campamento excepto por causas imputables ao prestador do servizo.

***A inscrición supón a aceptación e o estrito cumprimento do horario do campamento no que se inscribiu. O feito de non cumprilo poderá supoñer a perda da praza.

Para aquelas persoas que non dispoñan de medios informáticos para realizar a preinscrición e inscrición por vía telemática, podrán chamar aos números:

LINEA 1: 624 688 250

LINEA 2: 624 688 243

LINEA 3: 624 688 216

En horario ininterrompido de 8.00 a 20.00h

QUENDAS

1ª Quenda: do 1 ao 15 de xullo 2022

2ª Quenda: do 18 ao 31 de xullo de 2022

3ª Quenda: do 1 ao 15 de agosto de 2022

4ª Quenda: do 16 ao 31 de agosto de 2022

5ª Quenda: do 1 ao 7 de setembro de 2022

HORARIO

Xeral: de luns a venres de 10:00 a 14:00 h

Ampliado: de luns a venres de 09:00 a 14:30 h

*Os días festivos non haberá campamento.

ESPazo DE REALIZACIÓN

En horario xeral e ampliado en tódalas as quincenas nos seguintes

Centros Cívicos: Castrillón, Cidade Vella, Eiris, Elviña, Labañou, Mallos, Novo Mesoiro, Monelos, Monte Alto, Novoboandanza, Palavea, Rosales e San Diego.

En horario xeral nas dúas quincenas do mes de xullo nos seguintes

Centro Cívicos: Santa Margarida, Feáns, San Pedro de Visma, A Silva, Artesáns, Sagrada Familia, Santa Lucía e Pescadores.

Nº PRAZAS

2.250

COTA DE INSCRIPCIÓN

26,00 € para horario xeral.

32,00 € para horario ampliado.

**Número de conta para realizar o pagamento ES11 0238 8125 5105 0002 2404.

O xustificante do pago se subirá á web así como aquela documentación que sexa requirida. As persoas que realicen a inscrición por teléfono terán que achegar o xustificante de pago ao correo: campamentos@serviplus.org.

INFORMACIÓN RELATIVA Á SITUACIÓN DA COVID-19

En relación á celebración de actividades de lecer educativo xuvenil, o Concello da Coruña seguirá en todo momento as directrices marcadas polo Ministerio de Sanidade e Benestar Social e OUTRAS autoridades competentes en materia sanitaria en función da evolución xeral e territorial da Covid-19. Para este fin poderá implementar estratexias e protocolos de actuación, así como condicións específicas de participación, nas devanditas actividades de lecer xuvenil. En todo caso, non é obrigatorio o uso de mascarilla, pero si recomendable en interiores.

ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

+ INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN EN
CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2022

CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2022

Tempo de verán e de durmir fóra

Campamentos tradicionais de pernoita

É tempo de diversión,
é tempo de conciliar.

**Aberta a preinscrición
do 1 ao 3 de xuño.**

**Máis información en
www.coruna.gal/campamentos2022**



CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2022

INFORMACIÓN CAMPAMENTOS TRADICIONAIS DE PERNOITA

A Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación, a través do Servizo Municipal de Acción Social, organiza un ano máis os Campamentos tradicionais de pernoita. Pasaredes una semana fora da casa mentres realizades actividades de multiaventura aprendendo valores relacionados coa cultura do deporte e o respecto á natureza... Esperámosvos un ano máis!

PERSOAS DESTINATARIAS

Para rapazas e rapaces nados do 1/01/2006 ao 31/12/2014
*Ofértanse prazas para menores con diversidade funcional en grao que non lles impida participar nas actividades co grupo. Contarán con monitorado de apoio que non realizará tarefas de carácter sanitario.
**Existe reserva de prazas para menores usuarias/os dos programas sociais municipais.

CALENDARIO

Preinscrición: 1, 2 e 3 de xuño

*Un mesmo menor pode solicitar, indicando a orde de preferencia, ata dúas quendas de campamento tradicional de pernoita.

**No momento no que se formalice a preinscrición, a/o interesada/o recibirá un correo electrónico co resumo da mesma.

***A preinscrición dos/das menores que soliciten praza de diversidade funcional acompañarase dunha ficha de coñecemento persoal. Esta ficha permitirá ao monitorado coñecer e planificar os apoios necesarios para unha correcta atención do/da menor.

**** As nenas e os nenos que soliciten praza de diversidade funcional, terán unha numeración e un sorteo propio.

Publicación de listaxes de menores preinscritas/os: 8 de xuño

****As listaxes poderán consultarse nas webs coruna.gal/campamentos2022 e coruna.gal/servizossociais así como no 010 ou nas portas dos centros cívicos

Reclamacións: 9, 10 e 11 de xuño

No teléfono 624688250. En horario de 9:30 a 19:30

Sorteo das prazas: 13 de xuño as 10:00 horas

Publicación de listaxes de admitidas/os: 20 de xuño nas webs coruna.gal/campamentos2022 e coruna.gal/servizossociais, no 010 ou nas portas dos centros cívicos municipais.

Inscrición e abono: 21, 22 e 23 de xuño .

*Se un/unha menor resulta admitido/a e ten irmáns ou irmás cun número correlativo de preinscrición, ben sexa anterior ou posterior, todas/os obterán praza.

**Unha vez formalizada a inscrición, non se terá dereito á devolución da cota do campamento excepto por causas imputables ao prestador do servizo.

Para aquelas persoas que non dispoñan de medios informáticos para realizar a preinscrición e inscrición por vía telemática, podrán chamar aos números:

LINEA 1: 624 688 250

LINEA 2: 624 688 243

LINEA 3: 624 688 216

En horario ininterrompido de 8,00 a 20,00h

QUENDAS

1ª Quenda: do 10 ao 16 de xullo 2022

2ª Quenda: do 17 ao 23 de xullo de 2022

3ª Quenda: do 31 ao 06 de agosto de 2022

4ª Quenda: do 07 ao 13 de agosto de 2022

*A primeira e terceira quenda serán para grupos de menores de 8 a 11 anos

**A segunda e cuarta quenda serán para grupos de menores de 12 a 16 anos

***As/os menores de 11 a 12 anos poderán escoller as dúas quendas que se permiten como máximo sempre que éstas sexan para o mesmo grupo de idade, é dicir, ben as dúas de 8 a 11 anos ou as dúas de 12 a 16 anos

HORARIO

Son campamentos con pernoita de xeito que durarán as 24 horas do día de cada quenda.

ESPazo DE REALIZACIÓN

Albergue Quiroga (Quiroga-Lugo).

*O espazo de realización poderá variar por motivos de dispoñibilidade. Sempre será unha instalación fora do termo municipal da Coruña pero dentro de Galicia.

Nº PRAZAS

180

COTA DE INSCRICIÓN

85,00 €

*A cota do campamento inclúe o transporte e a comida diaria.

**O número de conta para realizar o pagamento é ES76 2100 4202 1822 0013 5451, tendo que adxuntar á web o xustificante de pago así coma outra documentación que poida ser requirida.

As persoas que realicen a inscrición por teléfono téran que achegar o xustificante de pago ao correo: hebecampamentos@gmail.com.

INFORMACIÓN RELATIVA Á SITUACIÓN DA COVID-19

En relación á celebración de actividades de lecer educativo xuvenil, o Concello da Coruña seguirá en todo momento as directrices marcadas polo Ministerio de Sanidade e Benestar Social e OUTRAS autoridades competentes en materia sanitaria en función da evolución xeral e territorial da Covid-19. Para este fin poderá implementar estratexias e protocolos de actuación, así como condicións específicas de participación, nas devanditas actividades de lecer xuvenil. En todo caso, non é obrigatorio o uso de mascarilla, pero si recomendable en interiores.

ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

+ INFORMACIÓN E INSCRICIÓN EN
CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2022